

CONVOCATORIA AXUDASLE 2024

O día 12 de febreiro foi publicada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade a [convocatoria AXUDASLE 2024](#) (*axudas para realizar actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2024 en réxime de concorrencia competitiva*).

Código de procedemento ED504B.

➤ PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, matriculado no curso 2023/2024 no réxime xeral de 1º e 2º Bacharelato.

➤ PRAZO DE SOLICITUDE

Prazo de solicitudes aberto dende o 13 de FEBREIRO ata o 12 de marzo (incluído) o 12 de MARZO (incluído)

➤ INICIO DO PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

Realizarase a partir da aplicación dispoñible na páxina web do programa

<http://www.edu.xunta.gal/axudasle>

➤ REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN:

- ✓ Estar cursando, no réxime xeral, 1º ou 2º de bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos durante o curso 2023/2024, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Non ter concedida outra axuda para o mesmo fin neste curso nin estar incurso/a nalgunha prohibición para a subvención.
- ✓ Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2022/2023.
- ✓ Nota mínima na materia de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadía de Ben ou 6 no curso 2022/2023.
- ✓ Ter DNI ou NIE en vigor, segundo corresponda. Dispoñer de pasaporte e documentación que permita viaxar ao estranxeiro.

➤ 2º PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES (2 FORMAS)

- a) A través da *Sede Electrónica* (<https://sede.xunta.gal/>)
- b) En *Rexistro oficial ou Correos*